



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Intervención

Edicto aprobación inicial do orzamento do Concello de Ferrol para o exercicio económico 2021

Aprobación inicial do orzamento do Concello de Ferrol para o exercicio económico 2021

EDICTO

O Pleno do Concello de Ferrol, en sesión do día 15 de xullo de 2021 aprobou inicialmente o orzamento xeral do Concello de Ferrol xunto cos seus anexos, para o exercicio económico do ano 2021, así como o cadro do persoal.

En consecuencia, e de conformidade co establecido no artigo 169.1 do TRLRFL aprobado por RDL 2/2004 de 5 de marzo, o expediente permanecerá exposto ó público durante o prazo de quince días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante este prazo os interesados poderán examinar a documentación e presentar reclamacións ante o Pleno.

O orzamento xeral e o cadro de persoal consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentan reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao que remate o de exposición ao público para resolvelas.

Ferrol, 16 de xullo de 2021

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi por resolución de data 08/07/2019 (BOP 22/07/2019)

Eva Martínez Montero

2021/5778